

REDE DE VALORIZACIÓN DE RESIDUOS AGROGANDEIROS

DECEMBRO 2011

I+D+I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
Dirección Xeral de Relacións Laborais



1. Introducción

O proxecto I+COOPERA, impulsado pola Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar, ten como principal obxectivo promover un sector cooperativista máis competitivo mediante o impulso de proxectos e actividades diversas de investigación, de desenvolvemento tecnolóxico e innovación.

Dentro do proxecto, un dos bloques temáticos a impulsar son as Redes Temáticas. A través das Redes, preténdese por en contacto a Cooperativas e a distintos actores do sector privado, universidades, centros tecnolóxicos, etc. interesados nunha temática concreta e que poden intercooperar entre si mediante proxectos tecnolóxicos.

2. Obxecto e alcance da Rede

O obxectivo da Rede de Valorización de Residuos Agrogandeiros é o de analizar problemáticas comúns a cooperativas agrarias e gandeiras, no relativo á xestión dos residuos orgánicos e inorgánicos.

Preténdese por en contacto a Cooperativas que teñen na súa cadea de valor este problema e xuntalos con organizacións adicadas ó aproveitamento destes residuos como inputs no seu proceso de valor ou ben como base dos proxectos tecnolóxicos e grupos de investigación con capacidades aliñadas coas problemáticas expostas.

Como obxectivos concretos destacamos:

- ✓ Analizar a situación actual e problemáticas das Cooperativas respecto aos residuos.
- ✓ Identificar posibles proxectos de innovación tecnolóxica a raíz do análise dos problemas.
- ✓ Crear unha Rede estable de Cooperación na creación de valor para residuos.

2. Obxecto e alcance da Rede

De cara a centrar as temáticas desta Rede, defínense varias casuísticas que se pretenden abordar no desenvolvemento da mesma. Estas temáticas poden reorientarse en función das demandas e necesidades das Cooperativas que participen na mesma:

- Definición de **proxectos integrais de fertilización de terras segundo o Código galego de boas prácticas agrarias.**
- **Xestión de valorización de residuos orgánicos a través de técnicas de compostaxe.**
- **Xestión de valorización de residuos orgánicos a través de tratamentos térmicos.** Análise e características das plantas de biogás.
- **Xestión de residuos inorgánicos de uso agrario.** Alternativas e vías de reciclaxe de plásticos agrícolas.

3. Participantes da Rede

Os participantes nesta mesa de Traballo van a ser:

EXPERTOS DE EMPRESAS GALEGAS

Pemes galegas adicadas á xestión e valorización de bio-residuos.

GRUPO DE INVESTIGACIÓN

Grupos de investigación con capacidades alineadas coas necesidades das Cooperativas

AGACA

COOPERATIVAS DO SECTOR AGROGANDEIRO

Cooperativas do sector agropecuario potencialmente interesadas en proxectos de Xestión e valorización de residuos, tanto orgánicos como inorgánicos.

4. Organización da Xornada de Inicio


A primeira reunión da Rede de Valorización respondería ás seguintes **características**:

- **Obxectivos:** Formalizar o arranque da Rede, coñecer as necesidades e experiencias dos participantes e facer un primeira diagnose sobre intereses comúns e oportunidades de colaboración.
- **Lugar e data de celebración:** *Vigo ou Santiago, entre o 12-21 de decembro 2011*
- **Formato:** reunión integrada por 8 – 10 participantes cun moderador e cunha duración aproximada de 2,5 - 3 horas.
- **Resultados a lograr:** identificar posibles liñas de colaboración común entre os participantes e proposta, fixando tarefas e compromisos a acadar de cara a seguinte reunión.

4. Organización da Xornada de Inicio

Orde do día da Reunión

- ✓ **Presentación da Xornada e convidados (15 minutos)**
- ✓ **Mesa Redonda entre participantes (120 minutos)**
 - Exposición de problemáticas na xestión de solos e de residuos das Cooperativas.
 - Técnicas e factores críticos na xestión e valorización de residuos.
 - Proxectos destacados de Valorización
- ✓ **Identificación de oportunidades de colaboración (30 minutos)**
- ✓ **Conclusións da xornada e compromisos (15 minutos)**



I+D+I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
Dirección Xeral de Relacións Laborais

